

INFORME ECONÓMICO FINANCEIRO: PROXECTO DE ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA 2006.

PRESENTACIÓN

A presente memoria constitúe a xustificación da oportunidade e viabilidade da estratexia orzamentaria elixida polo Goberno de Galicia para o vindeiro ano. Son moitos os motivos de incerteza que preceden o devir económico de 2006. E todos os indicadores económicos invitan máis a prudencia que ao optimismo, mais tamén todos coinciden que a economía mundial vai seguir crescendo aínda que quizais a un ritmo menor. Un luxo que Galicia non se pode permitir. Converxer máis rápido é facilitar que os cidadáns de Galicia poidan disfrutar antes dos niveis de benestar que xa disfrutaban os residentes noutros territorios máis desenvolto. Este é o desafío da economía de Galicia para o 2006, crecer algo máis que o promedio español.

O informe estruturase en tres grandes apartados que presentan e analizan os tres escenarios nos que se deben encadrar este proxecto de orzamentos xerais de 2006. O **escenario económico** que presenta as últimas previsións sobre a evolución previsible da economía internacional e a economía española. O **escenario monetario e financeiro** que nos ilustra acerca da tendencia dos mercados financeiros, cotizacións de divisas e tipos de xuro. Finalmente o **escenario orzamentario** que reflexa as grandes cifras dos orzamentos iniciais de 2005 e 2006, así como a evolución do aforro e o nivel de endebedamento da Comunidade Autónoma. Tamén recolle as orientacións prioritarias que guiaron a súa elaboración, así como un análise polo miúdo dos obxectivos que se perseguen con cada unha destas prioridades.